

PROPOSTA PARA EXPOÑER TRES TÁBOAS DE MADEIRA POLICROMADA NA EX-COLEXIATA DE BAIONA

MOISÉS MALVIDO PIÑEIRO, dar88bo@gmail.com, 17.06.2022

OBXECTIVOS

1. Diseñar un moble expositor que actúe de barreira fronte as variacións climáticas bruscas no interior do templo de Santa María, que incorpore medios de loita contra outros axentes de deterioro (contaminantes, radiacións, ataques biolóxicos, etc) e achegue ideas ao eido da conservación pasiva en espazos similares ou con medios escasos.
2. Diseñar un moble coherente co espazo de culto onde se vai instalar, que resalte os valores estéticos e iconográficos das obras que vai expoñer.
3. Xerar un maior coñecemento sobre as obras, as súas características técnicas, e potenciar o seu valor cultural contrastando os resultados dun estudo histórico e científico.

METODOLOXÍAS

- 1.1 Rexistro e interpretación dos valores climáticos dentro do templo, para coñecela súa realidade ambiental e os períodos de maior risco para as obras.
- 1.2. Medición da radiación luminosa e doutros axentes de deterioro no enclave escollido para a exhibición das obras.
- 1.3 Elección de materiais de construción neutros e de barreira fronte os axentes de deterioro.
- 1.4 Elaboración dun plan de verificación da eficacia do dispositivo, aplicado con posterioridade á súa instalación.
- 2.1 Consulta de fondos bibliográficos de temática iconográfica.
- 2.2 Organización razoada e coherente entre as distintos elementos do conxunto.
- 2.3 Deseño dun marco frontal que emule certas características dos retablos, empregando elementos decorativos simples e neutros a nivel visual.
- 3.1 Visita e consulta de arquivos históricos parroquiais, provinciais e nacionais.
- 3.2 Entrevistas con párrocos, historiadores e testemuñas do pasado.
- 3.3 Análise radiográfica, estratigráfica e reflectográfica infravermella.
- 3.4 Relación razoada entre as evidencias atopadas.

CONCLUSIÓNS

1. A complexidade técnica que acompañou ó proceso de deseño do moble expositor, fai aconsellable á revisión e/ou reforma do proxecto, a fin de garantir estabilidade e seguridade das súas partes constituíntes. O seu carácter experimental, fai necesaria unha análise do proxecto por ollos expertos.
2. Logrouse crear un deseño harmónico e respectuoso co entorno relixioso para o cal se concibi, dotandoo de elementos decorativos sutís pero cargados de significado.
3. Os resultados do estudo científico desbordaron as expectativas do TFE e abriron novas vías de investigación e toma de decisións. Ademais da experiencia adquirida, logrouse crear unha base científica sobre a cal actuar en beneficio das táboas, da súa conservación e posta en valor

